

Introdución

A través deste plan inténtase:

- Fomentar a utilización por parte do resto dos mestres das tecnoloxías audiovisuais ou informáticas na súa actividade docente.
- Elaborar propostas para a organización e xestión dos medios e recursos tecnolóxicos do centro e velar polo seu cumprimento.
- Recibir formación en IA como parte dos Polos Creativos.
- Incardinación co plan EDIXGAL

Contexto DAFO

O SELFIE ten como obxectivo achegarse á realidade partindo das opinións de toda a comunidade educativa.

O nivel de participación no CEIP A MAIA foi altamente satisfactorio polo que consideramos que son datos que reflexan a realidade adecuadamente.

O test de CDC, a pesar de que o profesorado tivo un pouco de reticencias debido a que a consideraban pouco adaptada ó noso entorno de traballo, aínda así podemos constatar que os resultados dan unha información relevante.

Obxectivos

- Implicar ó Claustro na creación de Actividades na AV.
- Formación inicial en IA aplicada á educación, incardinado cos Polos Creativos

Seguimento

As datas e procedementos para a avaliación do Plan son as reflexadas na táboa do Plan de Acción no PDC. Tendo así seguimentos trimestrais, mensuais e de fin de curso segundo da acción a avaliar.



1º trimestre:

- Organización correcta da estrutura xeral das aulas virtuais. E matriculación de todo o profesorado e alumnado. (FINAIS OUTUBRO)
- Elaboración dun manual para solucionar incidencias básicas. (NOVEMBRO)
- Elaborar e aplicar un procedemento de seguimento de uso da AV por parte de profesorado e do alumnado (DECEMBRO)
- Solicitar no CAFI un curso de IA aplicada ós procesos de E/A

2º trimestre

- Revisión trimestral do uso da AV por parte de profesorado e do alumnado (ABRIL)
- Revisión de posibles usos da formación en IA recibida no curso dentro do proceso de E/A

3º Trimestre

- Revisión trimestral do uso da AV por parte de profesorado e do alumnado (XUÑO).
- Elaboración de actividades con recursos IA aplicadas ó proceso de E/A (XUÑO).

Avaliación

O procedemento de avaliación basearase nos resultados obtidos nos diferentes seguimentos.



Comunicación e difusión

Comunicar ó Claustro e ó Consello Escolar, igualmente valorarase a súa inclusión no PEC (publicado tamén na WEB do Centro) e a través do Buscador de Plans da Consellería de Educación.